



Filla de emigrantes galegos, regresou coa súa familia a Marín en 1985. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa como funcionaria da Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia.

Comezou a escribir en 2013, no xénero do microrrelato. No 2015 publica o seu primeiro libro de microrrelato e o seu primeiro libro en lingua galega "Sobrevivindo", publicado pola editorial Galaxia e gañador do XV premio de novela por entregas de La Voz de Galicia. Con "[Deixe a súa mensaxe despois do sinal](#)" (2017) foi finalista do Premio San Clemente de do Premio Novela Europea Casino de Santiago. A novela foi traducida ao castelán, italiano, hebreo e alemán e levada ao teatro pola compañía Tanttaka. No 2021 gañou o premio á mellor novela europea traducida do Casino de Santiago de Compostela con dita obra. No 2019 publicou a novela negra "[Beleza vermella](#)" ao mesmo tempo en galego (Galaxia) e castelán (Lumen) e ao italiano na editorial Solferino. No 2020 publica en galego e castelán "Historias De Mentés" coa editorial Bululú. En 2021 gaña o premio Manuel Murguía de relato coa súa obra en galego "Xanelas" e publica "[A vida secreta de Úrsula Bas](#)" en galego (Galaxia) e castelán (Lumen), onde continúa coa saga iniciada con "Beleza



vermella", que ten como protagonista á parella de detectives Abad e Barroso. En marzo de 2022 reedita unha versión ampliada de "Sobrevivindo" (Galaxia) que ve a luz por vez primeira en castelá con Lumen.

Beleza vermella (Lecturafilia, 2019)

Arantza Portabales di que gusta de escribir sobre o que lle acontece á xente, sobre a felicidade e a tristeza e os sucesos pequenos que nos conforman como persoas. Esta idea é a que fía as súas historias, sexas novelas ou micro relatos (ese xénero que ela manexa á perfección), e que nos leva a pensar que Deixe a súa mensaxe despois do sinal e *Beleza vermella* non son en verdade tan diferentes como nun principio parecen, senón que as dúas comparten moito. Entre as similitudes están esa linguaxe poética e fermosa da que a autora galega é toda unha mestra, e que se ensambla á perfección co que se conta, conseguindo que a maldade sexa algo máis dixerible para os lectores e lectoras.

Beleza vermella supón, ao meu modo de ver, a consagración desta autora que destaca pola súa capacidade para observar as persoas e somerxerse nas mentes delas. Como xa acontecera coas catro mulleres que falaban co contestador automático, neste caso volve utilizar unha voz en primeira persoa que, segundo ela, lle serve para entender mellor a psicoloxía dun dos personaxes, técnica que, mesturada coa dun narrador en terceira persoa, fai de *Beleza vermella* unha novela policiaca que, unha vez que comecemos, non poderemos erguernos da cadeira ata rematala. Nela observamos unha clara, e non agochada, homenaxe a Agatha Christie, autora de múltiples novelas de círculo pechado, na que o asasino ou asasina sempre se atopa nun pequeno espazo, como acontece en *Beleza vermella*.

© la voz de galicia





Tertulias Literarias

3

Como ben se adoita dicir a miúdo, as novelas negras ou policiacas (ou outras denominacións semellantes) non son xéneros menores, tal e como se viña considerando no pasado, senón que cada vez máis son capaces de expresar as inquedanzas e preocupacións dunha sociedade, ao tempo que poñen o foco ou denuncian outras tantas. Arantza Portabales non é allea a esta consideración, e por iso esta historia podería entenderse de múltiples formas, xa que xera debate arredor da función da arte, das enfermidades mentais e os tabús arredor delas... e tamén de asuntos máis persoais, como a culpa e os segredos, evidenciándose a idea de que todos os seres humanos debemos convivir, en maior ou menor medida, co peso da culpa, o que non é nada doado de soportar.

Destacable é tamén que Portabales se atrevese, de novo, a poñer as mulleres como protagonistas, pero dunha forma especial. Aquí son as mulleres as que toman a batuta e incluso realizan accións malas, afastándose, pois, desa imaxe de beatitude e da simple agarda do príncipe azul. Isto é moi valorable, pois para lograr reverter o sistema patriarcal precisamos modelos de mulleres nas que observarnos.

Frases curtas, un ritmo trepidante, unhas escenas moi próximas ao terreo visual, Beleza vermella é a novela ideal para o verán, pois ten a peculiaridade de que fará gozar da lectura a persoas que perderon ese hábito. E non só iso, senón que entrar nas súas páxinas supón un reto persoal, o de indagar na psicoloxía de cal das seis persoas presentes na noite de San Xoán de 2017 matou a Xiana Alén.

Sabedes por que a beleza é vermella?

“O que me pasa é que a beleza é vermella coma unha cunca de cereixas. Coma o solpor sobre un carballo. Coma unha pinga de sangue que se esvaece mentres se mestura coa auga da bañeira. Coma a mazá da Branca de Neve. Coma un zapato cheo de espiñas. Coma a lingua dun neno tras lamber un Chupa Chups. Coma os beizos de Sara o día da súa voda. Coma ese amorodo xigante que pinteí para os dous”.

Fonte: <https://lecturafilia.com/2019/07/25/beleza-vermella/>



Beleza vermella

por Xoán Carlos Domínguez Alberte (Nós Diario, 2020)



4

Ao ir pasando as páxinas desta novela de Arantza Portabales é doado percibir nelas o recendo dalgúns dos grandes clásicos da literatura policial. Como ben podería ser a non disimulada filiación coas estratexias narrativas do xénero, aplicadas, póñase por caso, por Agatha Christie e que tanta proxección lle outorgaron ás súas obras.

Así, en relación ao exposto, cómpre facer alusión ao recorrente elemento recapitulatorio conducente á reconstrución dos feitos, con vistas a botar luz na escuridade das pescudas. Ou, dende logo, á inculpación a priori de todos os protagonistas na secuencia criminosa do asunto que se investiga. Ata que, co avanzar da historia, o devir da trama tende a estreitar o círculo de posíbeis perfís asasinosa.

Os actuaes da obra son membros das clases acomodadas da capital galega, xa que logo, con boa posición económica, con reputado estatus profesional e, como non podía ser doutro xeito, posuidores dun gorentoso e selecto círculo de relacións e influencias.

Mais é, en concreto, ao fío deste tan substancioso ámbito cando se pode incorporar, no relato argumental conducente a interpretar esta obra, o termo 'novela negra' para se referir a esta produción literaria.

E isto débese a que o desenobelamento da investigación pon á luz o patio traseiro dunhas magníficas mansións nas que interactúan uns exclusivos protagonistas. E é aí cando fica en evidencia un intenso fedor a humidade e podremia que provén da reverberación do escuro dunhas vidas moi distantes de ser modélicas.



Tertulias Literarias

O mundo da arte, en especial o universo pictórico, é o vehículo operativo que actúa de glamouroso envoltorio desencadeante do que acontece. Canda unha perceptíbel simboloxía cromática, o sintagma que dimensiona o título desta obra encripta o perfume oculto da metáfora.

5

“A beleza é xelatina de amorodos a piques de podrecer”. É esta unha cita inicial do relato, onde están presentes, en proporcións análogas, a fermosura, a fugacidade da existencia e a crueldade potencial da condición humana a piques de se expandir.

‘Amorodio’ resulta, neste sentido, un empregado efectivo neoloxismo para invocar o elemento nuclear dun notorio tecido social no que, a pouco que un se adentre nel, se percibe a intensa corrupción dun corpo que está enfermo.

De aí que resulte doado radiografar algunhas das principais causas dunha densa urdidreira de motivos que, interrelacionados, están na base da execución dun crime. Como poden ser as frustracións, a envexa, a soidade, o desexo insatisfeito, a covardía ou a vinganza, todos eles dentro dos atributos da faciana escura da existencia.

Nun contorno de aparencias, no que non se exclúe a ambientalidade do machismo, condicionado polo círculo vicioso das relacións sexuais, e unido asemade ao ámbito conxénito dos intereses materiais. Cuxo devir conduce, a resultas da rendibilidade da trama, á irremediábel eclosión do sangue.

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/opinion/xoan-carlos-dominguez-alberte/a-pe-de-obra-116/20200306104820092567.html>





Quen matou a Xiana Alén?

Por Diego Ameixeiras (La Voz de Galicia, 2019)



E se é o enigma que atravesa as páxinas desta historia. A rapaza morta, unha adolescente de quince anos, aparece rodeada na súa casa por un macabro decorado (a escena do crime, con aparentes pretensións artísticas, inclúe profusión de sangue) e temos seis sospeitosos para xogar. Efectivamente, estamos ante unha revisión das intrigas de cuarto pechado -subxénero que inaugurou Gaston Leroux con *O misterio do cuarto amarelo* (1907)-, a partir dun interrogante debedor dese molde narrativo que máis tarde perfeccionou Agatha Christie, á que Arantza Portabales decidiu render un pequeno tributo. O salón vitoriano, desembocadura frecuente destes enigmas, convértese aquí na vivenda dunha selecta urbanización da contorna de Santiago, onde se sitúan os personaxes relacionados co suceso. E

os fillos de Hércules Poirot, Abad e Barroso, son unha parella de policía desconcertados pola estilización do crime, cuxo barroquismo parece tirado dun *giallo* dos anos 70.

Mentres nos achegamos á resolución do misterio, *Beleza vermella* detense na descrición de ambientes e tipos psicolóxicos acomodados, esa Compostela de periferia burguesa onde se agochan traumas e frustracións a esgalla baixo as alfombras. O procedemento policial, sen pretender ser exhaustivo, segue unha progresión dramática que explota na reunión con todos os sospeitosos (outra homenaxe máis da autora ás convencións do *whodunit*), pero a novela esténdese con máis seguridade no retrato de costumes, na exploración emocional dos protagonistas e na puntualización deses contornos sociais de aparencia hixiénica e respectable, pero xenerosos en dobreces. En consecuencia, a trama colle distancia coa intriga para ramificarse sen complexos polas paixóns humanas ata convocarnos para a resolución do asasinato. É así como acabamos coñecendo as motivacións e os tormentos duns personaxes aos que a vida lles regalou unha aparente comodidade.

Fonte: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/fugas/2019/06/14/span-langglquen-matou-xiana-alenspan>



“O horror tamén está na xente coma nós”

Entrevista con Arantza Portabales

Por Ruth Rios (Revista Pincha, 2019)



Arantza Portabales (San Sebastián, 1973) vén de converterse na raíña compostelá da novela negra. A súa *Beleza Vermella*, publicada ao mesmo tempo en galego (idioma orixinal) e castelán, xa vai pola terceira edición neste último idioma, cunhas vendas máis que exitosas. Ata o mesmo Mariano Rajoy, pouco dado a mostras de emocións, confesou que se deixou atrapar polo estraño círculo de relacións escuras relatado nesta novela ambientada na Compostela máis recoñecible.

Falamos con ela na Taberna A Fuego Lento das súas outras vidas antes e despois de triunfar como escritora.

Cando e como comezaches a escribir?

A miña historia é a dunha muller que cando cumpre os corenta vólvese tola e comeza a escribir. Nunca escribira, pero sabía que quería facelo. Cando me sentei por primeira vez diante dunha pantalla dinme de conta do “fodido” que é. Comezo co microrrelato por falta de tempo. Preséntome ao concurso ‘Relatos en cadena’ da Cadena SER. Despois paso á novela curta con *Sobrevivindo* (2015). Atrevínme porque a pensei como trinta e un microrrelatos. Pasoume o mesmo con *Deixe a súa mensaxe despois da sinal* (2017, a súa primeira novela longa), que elaborei como se fosen cento vinte microrrelatos.

A túa é unha carreira fulgurante...

Non me paro a pensalo moito. Cada día é unha sorpresa e gozo dela. Non podo facer unha composición global do que pasou nestes catro anos. Ademais, teño a sorte de que na miña casa a todo o mundo “se la bufa” (risas), é dicir, non lles interesa a literatura aínda que viven con emoción o que me pasa. Cando chegas a casa ao final tes que aterrar, e iso non permite cho creas. Pero si é difícil ter alcanzado a grandes editoriais como Galaxia (Galicia), Lumen (España), Penguin Random House (Alemaña, onde se editará *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*).



Tertulias Literarias

Como é compaxinar a vida de escritora coa vida cotiá?

Horrible (risas). Son funcionaria do Corpo de Finanzas, estou na Intervención Xeral, teño un posto de responsabilidade, o cal non me permite levar a mente 'limpa' para casa, aínda que é verdade que non opero a corazón aberto, o cal téñome que repetir moi a cotío. Tiven que pedir flexibilidade no meu traballo para entrevistas, presentacións... Pero eu son de ir coa verdade por diante e traballo moito. Ademais, para min a escrita non me supón un traballo, senón unha paixón. Non me custa.

Si é verdade que notei este ano o compoñente físico e psicolóxico. Pero ao final é compaxinar varias vidas, non é distinto do que lle pasa ao pai que está pola mañá nun traballo e pola tarde cos seus fillos.

Como recibiches o éxito de 'Beleza Vermella'?

Teño moito síndrome de impostor porque para a escrita nunca me preparei. Entrás nun mundo no que eres outsider, no que tes que aprender que non só se trata de escribir un libro senón tamén de vendelo. E tes que facelo con honestidade e paixón. Sabes que cando traballas cunha editorial grande o foco ponse máis en ti, vas a eventos, estás en modo escaparate e tes que asumilo. Eu sempre tiven a sorte de que me acompañou tanto a crítica especializada como o público. Estou nese punto no que podoo responder á xente polas redes sociais e agradecerlles o apoio. Ségueme parecendo marabilloso que a xente gaste o seu tempo e os seus cartos en min, co fácil que é meterse en Netflix (risas).

'Beleza vermella' é moi compostelá, pero non no senso turístico...

Si, é un libro de xente normal que vive en Cacheiras, aínda que os personaxes son moi galegos.

Eu necesito que as accións transcorran polos lugares que transito eu, por preguiza (risas). Se me teño que poñer a describir a historia de Abad e Barroso polas rúas de Murcia, perdería moitísimo tempo

Dáme a impresión de que quixeches describir os microuniversos das urbanizacións.





Tertulias Literarias

Si, porque eu vivo nunha urbanización. Quería facer unha novela cun universo pechado, de círculos concéntricos (Compostela / Urbanización / Casa / Familia / Parella). Imos pechando círculos e iso determina que a atmosfera sexa asfixiante. Os personaxes están un chanzo por enriba da clase media; quería levar o asasinato fóra da marxinalidade. Quería falar de que os que non estamos na marxe tamén podemos estar cheos de merda. O horror tamén está en xente coma nós. A maldade é intrínseca á natureza humana. Este é un libro que fala da paixón.

E tamén fala do que non se fala...

Pero todos saben o que está a pensar o do lado. Os silencios son máis reveladores e literarios.

No libro tamén hai espazo para a poesía en capítulos como “Cousas que facer un venres de xullo”.

Ese capítulo non estaba previsto. Cando o fixen gustoume tanto que decidín repetilo tódolos venres de xullo da novela. Eses venres son reveladores, o lector descobre cousas sobre os personaxes. A novela ten dúas voces: a máis poética en primeira persoa, e en terceira persoa case como primeira.

Todos din que teño una voz lírica.

Falamos tamén da corrección política –ás veces hai cousas que á xente non lle gusta ler aínda que se trate de literatura ou mesmo ocorran na vida real, como a sexualidade na adolescencia ou a retorcadura humana- e dos estereotipos, de como se pode partir do estereotipo para logo profundizar ata personaxes con bordos capaces de crear no lector odio e simpatía ao mesmo tempo, como no caso de Abad.

Cales son os teus escritores favoritos?

No xénero curto, do que son unha apaixonada, quédome con Raymond Carver, J.D. Salinger, Paul Auster... Os americanos. En novela negra Agatha Christie, Stieg Larsson, Elizabeth George... aínda que non son gran





Tertulias Literarias

lectora de novela negra. En Galicia, Diego Ameixeiras e Domingo Villar, que conseguiu que a xente lea en galego.

Temos que reconciliar á xente coa literatura galega. O sorprendente é que estamos a falar de persoas que non falan castelán, pero que non son capaces de ler en galego. Eu escribo sinxelo tanto en galego como en castelán, quizais porque o meu espectro semántico está principalmente no castelán. Creo que hai xente que non se aproxima á literatura galega por medo a atopar palabras descoñecidas. Temos que poñerllo fácil, romper o tabú sobre mercar libros en galego.

10

En qué estás a traballar agora?

Estou traballando na tradución ao castelán de “Sobrevivindo” e escribindo un novo caso de Abad e Barroso.

Porque ‘Beleza Vermella’, como a vida mesma, é unha novela de finais abertos, polo que no futuro Arantza Portabales contaranos máis aventuras desta peculiar parella de policías composteláns que xa enganhou a miles de lectores en toda España.

Fonte: <https://revistapincha.gal/arantza-portabales-o-horror-tamen-esta-na-xente-coma-nos/>

*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as

